



## Concello A Guarda

### BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS/DUAS AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL DURANTE SEIS MESES

**PRIMEIRO.-** O obxecto das presentes bases é proceder á selección de dous/duas traballadores/as para a súa contratación laboral temporal por obra ou servizo polo Concello da Guarda, en concreto, para a realización de funcións de auxiliar de Policía Local, que son de apoio e de auxilio ós membros do corpo de Policía Local no marco do disposto na lexislación de corpos e forzas de seguridade.

**SEGUNDO.-** O contrato terá unha duración de seis meses a xornada completa e en horario de luns a domingo. **Retribucións:** 1.135,30 euros brutos mensuais, incluída a prorrata da paga extra.

**TERCEIRO.-** Requisitos de ingreso:

- a) Ter a nacionalidade española.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias da subescala á que se aspira.
- c) Ter cumpridos os dezoito anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Estar en posesión da certificación de ter superada a *educación secundaria obrigatoria, título de graduado escolar ou equivalente*, correspondente actual Grupo C, Subgrupo C2 do TREBEP.
- e) Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercizo das funcións públicas, nin separado do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.
- f) Non estar comprendido en ningunha das causas de incompatibilidade sinaladas na lexislación vixente.

**CUARTO.-** O Tribunal estará formado polos seguintes membros:

**Presidente:** Juan Antonio Taboada Veiga, oficial-xefe da Policía Local do concello da Guarda (titular), Rafael Alonso Vicente, Policía Local do concello da Guarda (suplente).

**Vogais:**

Juan José Parada Fernandez, policía local do concello da Guarda (titular), Pablo Alvarez Alvarez, policía local do concello da Guarda (suplente).

Manuel Angel Martínez González, policía local do Concello da Guarda (titular); José Manuel Diaz Cobal, policía local do Concello da Guarda (suplente).

José María Alvarez Alvarez, funcionario administrativo do departamento de urbanismo do Concello da Guarda (titular); Soledad Rodríguez Crespo, Traballadora Social do Concello da Guarda (suplente).

Hermelindo Martinez Gonzalez, arquitecto técnico do Concello da Guarda (titular); José Luis Gil Vicente, Funcionario do Concello da Guarda (suplente)

**Secretario:** José Carlos Martinez Crespo, funcionario do Concello da Guarda (titular), M<sup>a</sup> Montserrat Mariño Alvarez, funcionaria do Concello da Guarda (suplente).

Así mesmo, poderá nomearse un/ha asesor/a para a valoración das probas físicas.

**QUINTO.-** O prazo de presentación de solicitudes será de **dez días naturais** a partir do seguinte ó da publicación do anuncio da presente convocatoria **no Faro de Vigo**. As solicitudes dirixiranse ó Sr. Alcalde-Presidente do Concello da Guarda, e se presentarán no Rexistro de



## Concello A Guarda

---

entrada deste concello no prazo indicado.

En relación coa presentación, haberá que estar ó disposto no artigo 38.4 de la Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Cando as solicitudes se presenten por correo ou en calquera outro lugar dos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, o remitente deberá de comunicalo por fax ou telegrama ó concello da Guarda o mesmo día no que a presente. Destes xustificantes deixarase constancia no Rexistro Municipal.

O modelo xeral de solicitude será facilitado nas Oficinas Xerais do concello ou ben poderá descargarse da páxina web [www.aguarda.es](http://www.aguarda.es)

A documentación (**orixinal ou copia compulsada**) que deberán presentar os/as candidatos/as é a que segue:

- a) solicitude de participación (instancia) debidamente asinada.
- b) copia do DNI en vigor ou outra documentación acreditativa da personalidade.
- c) Copia do título de graduado en ESO ou equivalente.
- d) certificado médico oficial no que se faga constar que o/a aspirante está apto/a para a realización das probas físicas do proceso de selección, así como para desenvolver as tarefas propias do posto no caso de ser seleccionado.
- e) certificado de lingua galega (CELGA 3) ou equivalente (iniciación á lingua galega) debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, para xustificar ter o coñecemento da lingua galega e estar exento/a da realización do exercizo da oposición do punto A.3 da base sexta.
- f) declaración responsable en relación cos apartados e) e f) da base terceira (anexo I)

Con posterioridade, unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, dictarase unha resolución na que se admitirá ós candidatos/as que presentasen a documentación anterior correctamente e se excluírá provisionalmente ós/ás candidatos que non o fixeran, concedéndoselles un prazo doutros **tres días naturais para subsanar** os erros ou defectos que houbera. Posteriormente, elaborárase una nova lista cos definitivamente admitidos/as e excluídos/as.

**SEXTO.-** O procedemento de selección será o seguinte:

A selección realizarase tendo en conta o necesario cumprimento dos principios constitucionais de *igualdade, mérito, capacidade e publicidade*, promovendo a selección entre os/as candidatos/as que cumpran as condicións esixidas na presente convocatoria. O sistema de selección será o de quenda libre e o procedemento o de **oposición**.

Unha vez constituído o Tribunal, procederase a levar a cabo a fase de oposición, de conformidade co establecido na Orde de 28 de xaneiro de 2009 (anexo VII) e tendo en conta as modificacións introducidas polo Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local:

### **A) Probas selectivas:**

De acordo co previsto no artigo 47 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, as probas para a selección de auxiliares de policía local son as que se describen a continuación:

#### A.1. Comprobación da estatura e probas de aptitude física.

##### Comprobación da estatura.



## Concello A Guarda

Ao comezo realizarase o control da estatura dos/as aspirantes. Os mínimos son os que rexen para o ingreso nos corpos de policía local.: 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

### Probas físicas.

As probas físicas cualificaranse de apto/non apto. Para obter a cualificación de apto os/as aspirantes deberán acadar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba.

#### A.1.1. Potencia tren inferior: salto vertical.

Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

O/A aspirante colocarse en posición de partida, en pe, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os calcañares do chan, e marcará coas dedas a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase, separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente coas dedas o nivel alcanzado.

Para a correcta realización da proba deberán observarse as seguintes regras:

- Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.
- Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.
- Permítese dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo no primeiro.

A distancia entre a marca feita desde a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade.

	18-36 anos	37-48 anos	49 anos ou máis
Homes	41 cm.	33 cm.	29 cm.
Mulleres	32 cm.	28 cm.	25 cm.

#### A.1.2. Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo. O/a aspirante colgarase na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase en pé. Só se permite un intento. O/a aspirante que abandone a carreira quedará excluído.

A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros nun tempo máximo (en minutos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade:

	18-36 anos	37-45 anos	46 anos ou máis
Homes	4'30'	5'00''	5'15''
Mulleres	5'00''	5'30''	5'45''

#### A.2.- Proba de coñecemento.

A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no anexo.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a realización.



## Concello A Guarda

---

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo a seguinte formula:  $N = (A - F/3)/5$ .

Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas erradas ou non respostadas.

### A.3. Coñecemento da lingua galega.

O tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega dos/as aspirantes, mediante unha proba que se cualificará como apto ou non apto, estando exentos da súa realización os/as aspirantes que acrediten xunto coa solicitude para participar no proceso selectivo, posuír o Celga 3 ou equivalente, dándoselles por superada esta proba coa cualificación de apto/a.

### A.4. Criterios para resolver posibles empates

Por aplicación supletoria do Capítulo II do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local, **como primeiro criterio para desfacer un eventual empate entre varios candidatos establécese a preferencia polas aspirantes mulleres** dada a evidente infrarepresentación do sexo feminino no corpo da Policía Local da Guarda.

De manterse o empate acudirase a unha nova proba teórica sobre o mesmo temario que serviu de base á proba principal e que se sinala a continuación.

## **B) Temario.**

- 1.- O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros Órganos municipais.
- 2.- Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.
- 3.- A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.
- 4.- A Lei de Coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.
- 5.- A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.
- 6.- A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: Prevención e calidade ambiental, residuos e discipline ambiental.
- 7.- Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices.
- 8.- Delitos contra a seguranza viaria. Fallas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.
- 9.- Lei de seguranza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.
- 10.- Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza.



## Concello A Guarda

---

11.- Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de Circulación. Clasificación orde de prioridade. Carencia do seguro obrigatorio.

12.- A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as seas funcións. Responsabilidades do auxiliar de policía.

### **C) Relación de aprobados/as.**

Establecida a puntuación final de cada aspirante, elaborárase unha listaxe destes/as baseándose na súa puntuación e por orde decrecente, resultando aprobados/as os/as que, tendo en conta o número de prazas, obtivesen as notas mais altas.

**SÉTIMO.-** Rematadas as probas o Tribunal aprobará a relación de aspirantes en orde de maior a menor puntuación total, proponendo ó Sr. Alcalde, para a súa contratación, ás 2 persoas que encabezan a relación do proceso selectivo.

No caso de que algunha das persoas seleccionadas non reunise os requisitos necesarios para a contratación poderá ser substituída pola seguinte da relación do proceso selectivo, situación que sucederá igual no caso de ser necesario cubrir algunha praza por razóns de baixa, enfermidade, etc., utilizando para iso a modalidade de contratación laboral apropiada para cada caso.

No suposto de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningún aspirante a proba ou por non presentarse ningún a esta, o Sr. alcalde queda autorizado a convocalo novamente cantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

**7.1.- CURSO DE FORMACIÓN.-** Os/as aspirantes que superasen o proceso selectivo deberán participar nun curso de formación que desenvolverá anualmente a Academia Galega de Seguridade Pública. Aqueles/as que tivesen partipado e obtivesen certificado de asistencia ao dito curso, estarán exentos desta obriga por un periodo de catro anos (dende a obtención do certificado) de acordo co previsto no artigo 48.2 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a lei 4/2007, de coordinación de policía locais.

**OITAVO.-** En todo o non previsto por estas Bases, os contratos rexeranse polo disposto na lexislación reguladora de contratos de obra ou servizo determinado e no Estatuto dos Traballadores, así como pola lexislación vixente en materia de función pública que sexa de aplicación ó persoal laboral dos entes locais. Do mesmo xeito, estas bases e os actos que delas deriven poderán ser recorridos na forma e nos prazos establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro.

O Alcalde

Antonio Lomba Baz

Documento asinado dixitalmente á marxe



## Concello A Guarda

---

### ANEXO I

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_

con DNI \_\_\_\_\_, e enderezo en \_\_\_\_\_

do Concello de \_\_\_\_\_

### DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1. Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercizo das funcións públicas, nin separado do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial.
2. Non estar comprendido en ninguna das causas de incompatibilidade sinaladas na lexislación vixente.

A Guarda, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018

Asdo.: \_\_\_\_\_